



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tlf.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria-interventora do dito concello, emite o seguinte decreto:

#### **Asunto: IV Concurso de Postais de Nadal en Galego**

**Expte. TEDEC: 2025/D001/000013**

**Expte. TEDEC: 2025/G003/000914**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción económica.

Visto que os concellos son competentes para promover a cultura no seu municipio e deben entenderse incluídas todo tipo de manifestacións culturais e de normalización da lingua galega desenvolvidas no ámbito local e, en sentido amplo, incluídas as festas populares propias de cada localidade con base na normativa vixente no ámbito cultural en conexión co principio de autonomía local.

Visto que é necesario aprobar unhas bases reguladoras do citado concurso que establezan as normas básicas que o regulen.

Visto que o réxime de publicación os actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios unha pluralidade indeterminada de persoas está recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto que neste caso non é precisa unha consignación orzamentaria ao non implicar unha obriga de pago.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, e na aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

## RESOLVO

**Primeiro.** Aprobar as bases que rexerán a convocatoria do IV Concurso de Postais de Nadal en Galego do Concello da Baña do 2025, que se transcriben no anexo I deste documento.

**Segundo.** Publicar as bases na Sede electrónica do Concello da Baña e mais no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*.

**Terceiro.** Darlles traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ás terceiras persoas interesadas no expediente.

Mándao e asínao o alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación no expediente do que eu, secretaria-interventora, Paula Torres Martís, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

## **ANEXO I**

### **BASES DO IV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN GALEGO**

O Nadal é unha festa con grande tradición no Concello da Baña e nela participa toda a veciñanza. Co obxectivo de celebrar estas datas tan significativas para a comunidade e de promover o uso da lingua galega, o Concello da Baña convoca por cuarto ano o Concurso de Postais de Nadal en Galego, que se rexe polas seguintes bases:

#### **OBXECTIVOS**

Fomentar a interrelación da comunidade escolar e da veciñanza da Baña

Promover o uso do galego no tempo de Nadal

Manter as tradicións propias da zona nesta época

#### **PARTICIPANTES**

Poderán participar todas as persoas de ata 16 anos que estean a cursar a Educación Infantil, Primaria ou Secundaria no CPI San Vincenzo, ou que estean empadroadas na Baña.

#### **MODO DE PARTICIPACIÓN E REQUISITOS**

As persoas que desexen participar neste concurso deberán entregar as postais orixinais no CPI San Vincenzo ou na casa do concello, ou no correo electrónico [cultura@concellodabana.gal](mailto:cultura@concellodabana.gal).

Cada postal levará por detrás os datos da persoa autora: nome e apelido, idade, categoría na que participa e un teléfono de contacto.

Deberanse cumprir os seguintes requisitos:

1. A temática deberá estar relacionada co Nadal en Galicia e incluírá unha felicitación destas festas en galego.
2. Poderase utilizar calquera tipo de técnica plástica e presentaranse sempre en tamaño DIN A4.

3. Ser orixinal e inédita, é dicir, as postais que se presentan deben ser da súa exclusiva autoría e propiedade, e non ser presentadas en ningún outro certame ou concurso.

## **PRAZO**

As persoas interesadas en participar terán de prazo para presentar os seus traballos dende a publicación das presentes bases ata as 14:00 h do mércores, 10 de decembro de 2025.

As inscricións que se presenten fóra deste prazo quedarán rexeitadas e, polo tanto, non entrarán a participar no concurso.

## **PREMIOS E PUBLICIDADE**

Dividiranse as participacións en catro categorías por ano de nacemento:

Categoría 1: nenas e nenos nados entre 2020 e 2022 (Educación Infantil)

Categoría 2: nenas e nenos nados entre 2017 e 2019 (1º, 2º e 3º de Educación Primaria)

Categoría 3 nenas e nenos nados entre 2014 e 2016 (4º, 5º e 6º de Educación Primaria)

Categoría 4: nenas e nenos nados a partir do 2013 (Educación Secundaria Obrigatoria)

As persoas gañadoras recibirán unha caixa con agasallos relacionados co material escolar acorde á idade e categoría.

Non existe obriga de practicar retención ou ingreso en conta sobre os mencionados premios, de conformidade co artigo 75.3.f do Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de plans e fonos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.

Non é precisa unha consignación orzamentaria ao non implicar unha obriga de pago.

O premio entregarase o 14 de decembro, no mercado de Nadal que organiza o Concello da Baña no pavillón municipal. Durante a xornada, expóranse todas as postais nun taboleiro que se situará dentro deste recinto.

Así mesmo, tamén se publicarán as persoas gañadoras nas redes sociais do Concello da Baña. No caso de que as gañadoras ou gañadores non asistisen na data á entrega de premios, poderán pasar a recollelo pola casa do concello, de luns a venres, de 9:00 h a 14:00 h, ata o 31 de decembro de 2025.

As postais gañadoras quedarán en poder do Concello da Baña e poderán empregarse para felicitar o Nadal desde as redes sociais institucionais. As postais participantes poderán ser reproducidas ou expostas no tempo e modo que se considere oportuno. O Concello da Baña resérvase o dereito de empregar as imaxes para promover e difundir o concurso.

## COMPOSICIÓN DO XURADO E ELECCIÓN DOS PREMIADOS

Conformarase un xurado para cualificar as postais que se compón por tres membros do Concello da Baña:

Antón González Pérez, auxiliar administrativo.

Ainhoa Barreiro Fuentes, técnica de normalización lingüística.

María Cousillas Ramos, educadora social.

A deliberación do xurado será inapelable.

A acta do xurado será publicada na Sede electrónica do Concello da Baña e nas redes sociais institucionais.

A valoración das postais realizarase conforme aos seguintes parámetros:

|  | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|--|---|---|---|---|---|
|--|---|---|---|---|---|

|               |  |  |  |  |  |
|---------------|--|--|--|--|--|
| Orixinalidade |  |  |  |  |  |
|---------------|--|--|--|--|--|

|                       |  |  |  |  |  |
|-----------------------|--|--|--|--|--|
| Adecuación á temática |  |  |  |  |  |
|-----------------------|--|--|--|--|--|

|                  |  |  |  |  |  |
|------------------|--|--|--|--|--|
| Técnica plástica |  |  |  |  |  |
|------------------|--|--|--|--|--|

|                      |  |  |  |  |  |
|----------------------|--|--|--|--|--|
| Calidade lingüística |  |  |  |  |  |
|----------------------|--|--|--|--|--|

|                        |  |  |  |  |  |
|------------------------|--|--|--|--|--|
| Valoración de conxunto |  |  |  |  |  |
|------------------------|--|--|--|--|--|

## **ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases, así como a decisión inapelable do xurado. O non cumprimento delas desencadearía a exclusión do concurso.

## **OUTRAS DETERMINACIÓNS**

A participación no concurso tamén implica a cesión ao Concello da Baña os dereitos de uso das imaxes das postais gañadoras.

Cada persoa participante responderá sobre a validez dos seus actos e a legalidade da postal, é dicir, o incumprimento das persoas participantes en calquera dos puntos destas bases, ou da lexislación vixente, exime de responsabilidades o Concello da Baña e os membros do xurado deste concurso e poderá supoñer, sempre e cando se detecte algún erro, a devolución do premio que recibisen indebidamente; poderase aplicar esta devolución dentro dos 15 días hábiles posteriores a rematar o concurso.

No caso de incumprimento da legalidade por parte dalgunha das persoas participantes, o Concello da Baña poderá emprender as accións que determine oportunas.

A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.